



Resolución do 6 de abril de 2018, pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2013, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C).

A Orde do 2 de outubro de 2013 (DOG número 197 do 15 de outubro de 2013), establece as bases para a concesión das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C) para o ano 2013. O anexo I da citada orde está dedicado a regular a modalidade A destas axudas e establece no seu artigo 6 que unha vez finalizado o contrato as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación para conceder ou non a acreditación de ter superado con aproveitamento o programa.

De acordo co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, correspóndenlle á Secretaría Xeral de Universidades as competencias en materia de investigación universitaria.

A Instrución 2/2017, do 25 de xaneiro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades, establece as directrices que regulan o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do SUG ao abeiro do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2013. A avaliación levouse a cabo por expertos externos ao SUG, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Posteriormente emítese a Resolución do 12 de abril de 2017, pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento deste persoal investigador. Nesa resolución non figuraba Eduardo Manuel González Ferreiro, xa que se lle concedeu un aprazamento da avaliación da actividade investigadora pola Resolución do 17 de febreiro de 2017.

Unha vez realizada a avaliación e de acordo co informe dos expertos, a Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVE:

Comunicar o resultado da avaliación do rendemento do seguinte investigador:

1º Apelido	2 Apelido	Nome	DNI	Centro	Resultado avaliación
González	Ferreiro	Eduardo Manuel	*****484N	USC	Positiva

Polo que procede a emisión do certificado.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2018
O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro





Resolución do 6 de abril de 2018, pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2013, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C).

A Orde do 2 de outubro de 2013 (DOG número 197 do 15 de outubro de 2013), establece as bases para a concesión das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C) para o ano 2013. O anexo I da citada orde está dedicado a regular a modalidade A destas axudas e establece no seu artigo 6 que unha vez finalizado o contrato as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación para conceder ou non a acreditación de ter superado con aproveitamento o programa.

De acordo co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, correspóndenlle á Secretaría Xeral de Universidades as competencias en materia de investigación universitaria.

A Instrución 2/2017, do 25 de xaneiro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades, establece as directrices que regulan o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do SUG ao abeiro do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2013. A avaliación levouse a cabo por expertos externos ao SUG, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Posteriormente emítese a Resolución do 12 de abril de 2017, pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento deste persoal investigador. Nesa resolución non figuraba Marta Conde Sieira, xa que se lle concedeu un aprazamento da avaliación da actividade investigadora pola Resolución do 23 de febreiro de 2017.

Unha vez realizada a avaliación e de acordo co informe dos expertos, a Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVE:

Comunicar o resultado da avaliación do rendemento da seguinte investigadora:

1º Apelido	2 Apelido	Nome	DNI	Centro	Resultado Avaliación
Conde	Sieira	Marta	****118X	UVIGO	Positiva

Polo que procede a emisión do certificado

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2018

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

